

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2025/26

- **En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”.**

Antes de comezar a expoñer as liñas prioritarias do vindeiro curso cómpre explicar algunhas das características que ten o noso centro, que nos condicionan a non acadar moitos dos obxectivos que se propoñen dende PLAMBE.

Informar que o CRA Raíña Aragonta é un centro onde só se imparte o segundo ciclo de Educación Infantil (con alumnado matriculado entre os 3 e os 6 anos). Ademais, somos un centro rural agrupado con 14 aulas, das que oito están no núcleo urbano (situadas no mesmo edificio que a biblioteca escolar) e outras seis aulas están situadas nas distintas parroquias do concello.

O noso obxectivo primordial é proporcionar ao noso alumnado a mesma igualdade de oportunidades e que todos teñan acceso aos recursos que ofrece a biblioteca escolar, polo que o Equipo de Biblioteca seguirá achegando os diferentes materiais, recursos e fondos bibliográficos ás aulas das parroquias a través de baúis e caixas.

Para o vindeiro curso continuaremos coa elaboración de caixas con fondos bibliográficos para circular por tódalas aulas da sede (cambiando cada mes), do mesmo xeito que facemos cos baúis polas aulas de parroquias (con fondos bibliográficos, xogos e materiais sensoriais, mesa de luz...).

A nova iniciativa “Tira do Cordel”, a cal consiste no intercambio de libros gratuíto, non tivo moito éxito neste curso 2024/2025, por iso para o vindeiro curso o noso obxectivo é cambiar de zona as casiñas xa elaboradas neste ano a outras parroquias e observar se ten máis éxito.

Por outra banda, seguiremos coa adquisición de novos fondos e seguiremos catalogando todas estas novas coleccións no programa MEIGA e os materiais TIC na plataforma LIBIB.

Pretendemos seguir co método de exposición das novidades que se adquiren dende o centro, tanto nas aulas de parroquias coma no edificio central. Tamén continuaremos coa sección de préstamos de xogos de mesa para as familias.

Por outra parte, solicitaremos o programa “**Lectura e familias**” e continuaremos no programa “**Radio na Biblio**”. Para o vindeiro curso tentaremos que os nosos alumnos aprendan a manexar e utilizar a tecnoloxía e a linguaxe relacionada coa audición e a radio, para promover a alfabetización múltiple.

Crearemos unha maleta de investigación específica da temática a traballar neste curso para que o noso alumnado aprenda dun xeito significativo mediante a observación e a experimentación (este recurso irá rotando polas distintas aulas), do mesmo xeito que neste ano.

En relación ás maletas de préstamo ás familias cabe destacar que neste curso ofrecemos maletas viaxeiras e maletas creativas, as cales contiñan contos, xogos e demais recursos. Para o vindeiro curso seguiremos proporcionando as maletas viaxeiras e coma novidade, cambiaremos as maletas creativas por maletas por temática, ofrecendo así catro maletas específicas dalgún ámbito por concretar ao inicio do curso (pode ser de emocións, de lóxico-matemática, lectoescritura, etc.).

Por último, promoveremos a colaboración e a organización de actividades conxuntas coas bibliotecas do noso concello.

• En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

A temática do noso proxecto de traballo para o vindeiro curso é “Animais” e traballaremos todo o centro en relación a temática escollida. Traballaremos globalmente, intentando relacionar as actividades e conmemoracións co proxecto de centro. Finalmente, elaboraremos un produto final do noso traballo ao final do curso.

Dende o Equipo de Biblioteca fomentaremos o uso dos recursos maker que temos na biblioteca (set de croma, scornabots, tabletas...).

A web da biblioteca seguirá sendo un recurso imprescindible para achegar a biblioteca ás familias e ao resto da comunidade educativa, por iso seguiremos impulsando este recurso, que é a nosa principal canle de difusión e promoción.

E remataremos establecendo reunións mensuais co Equipo de Biblioteca para avaliar o progreso, reflexionar sobre o traballo realizado e tomar novas decisións. E ao mesmo tempo tamén teremos en conta as decisións adoptadas nas reunións trimestrais coa Comisión de Biblioteca.

• En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital).

No primeiro trimestre realizaranse diversas actividades de formación de usuarios. Comezaremos pola formación do profesorado, realizando unha formación presencial onde trataremos as normas de organización e funcionamento da biblioteca, a busca no catálogo da Meiga, a CDU, a distribución das seccións... e se elaborará un tríptico con esta información.

Tamén se elaborarán folletos para as familias con información relacionada coa organización, estrutura e recursos da biblioteca.

En canto á formación do noso alumnado (nenos e nenas de entre 3 e 6 anos) esta farase a través de xogosou vídeos formativos.

Ademais da formación de usuarios no centro, seguiremos formándonos a través do PFPP e trataremos de participar nas Xornadas e nos Encontros do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares de Galicia.

O profesorado tamén recibirá formación sobre o manexo de material tecnolóxico e os recursos que se atopan no espazo maker, para levar a cabo esta actividade solicitaremos a axuda do Equipo de Dinamización das TIC.

• **En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información).**

Seguiremos organizando a “Hora de Ler” a través das bolsas de lectura que viaxarán a cada aula con novos fondos, co obxectivo de fomentar o amor pola lectura entre o noso alumnado. Seguiremos organizando o itinerario lector, para que todo o noso alumnado poida acceder aos mesmos recursos e fondos.

Por outra parte, continuaremos coas mochilas viaxeiras, xa que neste curso tivemos unha para cada aula.

Continuaremos co préstamo semanal para familias (libros, maletas, xogos de mesa e préstamos para adultos) os martes e xoves pola tarde.

Proseguiremos co deseño de actividades de animación á lectura, que se incluírán no blog da nosa biblioteca, a través das diferentes seccións.

Queremos seguir realizando roteiros literarios, xa que nos últimos cursos tivo unha boa acollida polo alumnado. Por iso, o noso obxectivo é organizar un roteiro literario por curso académico e para iso solicitaremos a axuda das familias e da ANPA As Landras.

Por último, informar que dende a biblioteca se elaborarán guías de lectura e recomendacións lectoras, se publicarán as novidades e se realizarán exposicións temáticas que nos axudarán a dar a coñecer de xeito máis atractivo os fondos da nosa biblioteca. Ademais, unha vez ao trimestre, o alumnado de 6º de Educación Infantil elaborarán un vídeo con recomendacións lectoras.

• **En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.**

Dende a biblioteca promoveremos a sensibilidade de avanzar cara unha biblioteca máis inclusiva, que responda ás necesidades de todo o alumnado do centro.

Seguiremos fomentando o uso da aula multisensorial, xa que potencia positivamente os sentidos sensoriais do alumnado, facilita a coordinación, favorece as relacións sociais e a integración entre o alumnado.

Ademais, continuaremos mercando fondos adaptados como libros de lingua de signos, libros con pictogramas, libros con criterios de lectura fácil, libros con imaxes...

Dende o equipo potenciaremos o uso das mesas de luz sensoriais, xa que axudan ao desenvolvemento das habilidades motrices, cognitivas e lingüísticas. E seguiremos ofrecendo actividades significativas e adaptadas a todo o noso alumnado.

• **Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.**

O noso obxectivo é realizar unha avaliación inicial ao profesorado, mediante unha enquisa, para saber dende onde debemos partir. Despois de realizar unha valoración e análise dos datos, saberemos se temos que engadir ou modificar algún dos obxectivos, sempre tendo en conta as liñas prioritarias que marcamos para o curso escolar.

Como Equipo de Biblioteca manteremos reunións mensuais para avaliar os resultados obtidos, detectar necesidades e tomar decisións. Valoraremos e analizaremos as liñas prioritarias e se é necesario reorganizaremos o noso traballo. Realizaremos unha avaliación continua das actividades propostas e valoraremos o noso traballo a través de diferentes indicadores de avaliación, modificando aqueles aspectos que se consideren necesarios.

Os instrumentos de avaliación empregados serán: enquisas, detección de puntos débiles e fortes nas reunións de equipo, táboa de rexistro de actividades, os materiais elaborados e a observación directa.

• **Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.**

Aínda non se designou a persoa responsable da biblioteca escolar para o vindeiro curso escolar 2025/2026, que disporá de cinco horas semanais de dedicación exclusiva. E o seu equipo de apoio estará formado por once docentes que terán tres horas semanais de dedicación á biblioteca.

A biblioteca escolar estará aberta todos os días en horario lectivo (9:15 - 14:15) e os martes e os xoves pola tarde para realizar os préstamos de familias.

En Salceda de Caselas, a 20 de xuño de 2025

O director,

A responsable actual da biblioteca,

Vº e praxe: Damián Varela Sánchez

Asdo. Iris Leirós Pereira